

## OS INTELECTUAIS REPUBLICANOS NAS MISIÓN PEDIAGÓXICAS (1931-1936).

Entre o 17 e o 20 de xullo de 2003 celebráronse en Foz as “II Xornadas de Historia da Educación”, un curso de verán dirixido polo profesor Uxío Otero Urtaza que tiña como título “Os intelectuais republicanos nas Misións Pedagóxicas (1931-1936)” Con este curso desexábase reconstruír aquel momento tan rico e esperanzador, tan cheo de optimismo, e por outra banda con tanta actualidade, e ao mesmo tempo lembrar o 70 aniversario da longa misión galega que dirixira Rafael Dieste en 1933, acompañado por Ramón Gaya, Antonio Sánchez Barbudo, Otero Espasandín, Arturo Serrano Plaja, Cándido Fernández Mazas, Antonio Ramos Varela e José Val del Omar. A primeira conferencia foi dada polo profesor Ruiz Berrio, da Universidade Complutense, que falou sobre a educación na II República e o mundo rural, e despois o propio profesor Otero Urtaza fixo unha presentación xeral do que significaran aquelas actividades no contexto da II República. O profesor Pedro Luis Moreno da Universidade de Murcia falou da experiencia de Misións naquela comunidade na que participaron intelectuais tan extraordinarios como Carmen Conde ou Miguel Hernández. O cine, que se introducía por primeira vez nas aldeas, foi un tema tratado con tres conferencias: Luis Hueso, da Universidade de Santiago, presentou a ollada do mundo rural español a través das películas daqueles anos; Javier Herrera, bibliotecario da FilMOTECA Nacional, fixo unha aproximación pedagóxica ao documental das Hurdes de Buñuel, e Gonzalo Saenz de Buruaga analizou a figura de Val del Omar, realizador dos documentais das Misións. Os pintores que participaron nes-

tas actividades foron estudados por Antonio Garrido, da Universidade de Santiago, mentres que María García Alonso, da Fundación Francisco Giner de los Ríos, deu unha conferencia sobre as formas do teatro nas Misións Pedagóxicas. José García Velasco, director da “Residencia de Estudiantes” de Madrid, falou da relación daquela institución coas Misións, e Arturo Casas amosou a figura e a literatura de Rafael Dieste naquel contexto. A conferencia de síntese déuna a profesora Mercedes Cabrera, da Universidade Complutense, co título “O ambiente cultural da II República. Unha perspectiva de actualidade”. Tamén se celebrou unha mesa redonda coordinada polo profesor Herminio Barreiro na que participaron Isaac Díaz Pardo, María García Alonso e Anxo Porto Ucha. Os alumnos, preto de setenta, puideron ollar varios documentais da España rural republicana.

## O MUPEGA

### (Museo pedagóxico de Galicia)

O Museo Pedagóxico de Galicia creado legalmente polo D. 268/2000 de 2 de novembro, ao que nos referimos en anteriores números de *Sarmiento*, continua os seus diversos traballos. Con equipos colaboradores en cada unha das catro provincias galegas, baixo a coordinación científica do profesor Vicente Peña Saavedra, e coa colaboración da Rede MUPEGA, o Museo que fixo diversas edicións (a última, as Actas do I Foro Ibérico de Museismo Pedagóxico), leva catalogadas unhas 14000 pezas (libros e obxectos de uso escolar), e ven impulsando á vez diversas iniciativas ao servizo da valoración, conservación e coñecementos do pasado pedagóxico e escolar. Entre estas é oportuno salientar que na primavera de 2003 se concederon seis premios do I Certame

Escolar Memoria e Recordos da Escola e da Infancia, procurando sensibilizar a todos os centros educativos galegos con respecto á recuperación oral da memoria escolar (1900-1970), e á recuperación do patrimonio físico e documental (1850-1970) escolar e da infancia.

## XXVI CONGRESO DA ISCHE

No pasado mes de Xullo celebrouse en Xenebra o XXVI Congreso International *Standing Conference for the History of Education*, que na presente ocasión abordou unha revisión do movemento da Escola Nova (Genèse et Metamorphoses), xusto na cidade que tivo unha excepcional centralidade entre 1899, cando A. Ferrière puxo en marcha a Oficina Internacional das Escolas Novas, e 1939, cando o comezo da IIª Guerra Mundial paralizou unha parte do rico traballo pedagóxico que alí se levaba a cabo a través do Instituto J. J. Rousseau impulsado por E. Claparede desde 1912, co auxilio de P. Bovet e de J. J. Piaget, incorporado en 1925 na Oficina Internacional de Educación creada nese ano, na que tamén ocupou unha responsabilidade destacada o catalán Pedro Roselló.

Procedía agora a facerse unha revisión do que foi o poliédrico e diverso movemento da Escola Nova, calificado nalgún momento revolución copernicana da educación —calificación tamén aplicada a Emilio de Rousseau— por situar ao neno como figura central da reflexión e da intervención pedagóxica. Imaxes, representacións, realidades, memoria e permanencias (*L'éducation nouvelle après l'Éducation nouvelle*). Unha contribución valiosa, se ben incompleta, realizada a través da presentación de 166 comunicacións (unha delas sobre a Nova Escola Galega en relación cos significados da Escola Nova) das

que queda constancia nun *Cahiers de résumé* editado pola Universidade de Xenebra (Fac. de CC. da Educación), que acolleu este Congreso. Comunicacións que se foron debullando a través de seis talleres que correron en paralelo a unha media de 20-25 asistentes en cada taller.

Houbo comunicantes dun total de 33 Estados, destacando os que procedían de Francia, España e Brasil (con 18 comunicacións en cada caso), Suíza, EEUU, Australia, Alemaña, Portugal (8 comunicantes), Reino Unido, Italia, México, Hungría, Argentina (5 comunicantes), seguindo logo unha longa listaxe de comunicantes de países presentes.

Catro conferencias plenarias, de desigual interese, e unha exposición sobre os Arquivos do Instituto J. J. Rousseau completaron o apartado académico. O Congreso foi tamén ocasión para coñecer novidades bibliográficas expostas nos corredores (francés, inglés, alemán).

O balance, alén da diversidade de aportacións, non é alto: o reducido debate, a falta de coñecemento previo dos traballos, os problemas da comunicación lingüística e a febleza organizativa eivan as posibilidades destes Encontros; aínda, así, hemos de facer un balance positivo.

Antón Costa Rico

---

## “ESCUELA PARA TODOS”, “LA TAREA DE PENÉLOPE”...

---

Non é o título dun libro, senón de dous. De dous que se complementan, cada un no seu ámbito, pero os dous abordando a tope o tema da *educación pública*. Antonio Viñao (*Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX*, Marcial Pons Historia, Madrid 2004) tratan-

do, coma sempre, de abranguer tódalas cousas ¡e conquerindoo! Un libro, o “noso” libro último, no que cabe ata o últimísimo en materia de educación, de política educativa, de teoría pedagóxica, de socioloxía da educación, de didáctica; ou seña, todo o curriculum das ciencias da educación. Todo, todo, todo. Mesmo demasiado. Porque o que sen dúbida é indispensable para todos os que traballamos en tarefas educativas —e este libro é a referencia última á que teremos que acudir para asegurarnos de calquera dato, pesquisa ou detalle—, ao millor xa non o é tanto para chegar ao noso eido de traballo a un público máis plural. Quizáis “sobre” datos para un lector de fóra. Quizáis falten remansos axeitados para coller alento durante a lectura. Pero, en todo caso, libro potentísimo e rigurosísimo o de Antonio.

E Víctor M. Juan Borroy (*La tarea de Penélope. Cien años de escuela pública en Aragón*, Biblioteca Aragonesa de Cultura, Zaragoza 2004) amenizándonos maravillosamente a *promenade* histórica pola escola pública aragonesa. Un escribir deleitándose. Un sopesar moitísimo cada dato. Un “recrearse en la suerte”, como diría un taurino. Víctor Juan fai do seu libro unha peza mesmo demasiado amena, pero estupendamente escrita. Nótaselle que disfrutou escribindo o libro. Así como Viñao esfórzase para que non lle quede nunca nada fóra, Víctor Juan fai o posible para “olvidar”. Trata sempre cada tema cunha certa *nonchalance* e como querendo prescindir de algo. Sen dúbida, dous caracteres moi marcados os dos nosos colegas e amigos queridos, que, nos seus libros, quixeron esta vez manifestárense tal e como son.

Gracias, amigos, por estes dous regalos. Gracias por manter a tensión investigadora e publicística en nome de todos os

que nos sentimos gratificados e aludidos polo voso esforzo e a vosa sabiduría.

Herminio Barreiro.

---

**DÁVILA BALSERA, P. (Coord.), Las políticas educativas en el País Vasco durante el siglo XX, Biblioteca Nueva (“Colección Memoria y crítica de la educación”), Madrid, 2004.**

---

O presente conxunto de cinco ensaios histórico-educativos, máis que pretender a realización dun estudo sistemático e global sobre as políticas educativas e os seus efectos no País Vasco ao longo do século XX, céntrase en analizar os capítulos quizais máis significativos da especificidade de tales políticas en tal comunidade, atendendo, en particular, á problemática suscitada polas demandas nacionalistas de descentralización política, estudada por P. Dávila, á cuestión relixiosa e a súa incidencia no ideario político educativo do nacionalismo, que examina Iñaki Zabaleta, ás políticas e programas educativos desenvolvidos polas deputacións vascas durante o final do século XIX e o primeiro tercio do século XX, que presentan P. Dávila e I. Zabaleta, á política educativa levada a cabo polo poder central e o goberno autonómico vasco durante a IIª República, analizada por Itziar Rekalde, e ao proceso de desenvolvemento seguido en Navarra polo movemento das ikastolas, asunto que aborda Irene López Goñi.

Logo dunha introdución na que o profesor P. Dávila se enfrenta con cuestións como os construtos historia nacional/historia local e historia de España/historia do País Vasco, a complexa realidade plurinacional do Estado Español, e os propios marcos explicativos posibles da presente obra, sinala Pauli Dávila que non podemos

falar dunha única política educativa, debendo, polo contrario, incluír na análise do desenvolvemento educativo español e vasco do século XX, todas as outras políticas educativas desenvolvidas polos Gobernos autonómicos (a Generalitat, o Goberno Vasco), as Deputacións e mesmo algúns concellos, pois que todos interviron na conformación do sistema educativo.

Por iso, pártese dunha concepción ampla da política educativa, contradictoria coa imaxe homoxénea dunha política educativa común. No caso do País Vasco, a problemática da euskaldunización, o ideario relixioso como parte integrante do ideario político nacionalista, as ikastolas como institucións educativas de inspiración social ou a intervención política educativa das Deputacións con anterioridade á existencia dun Goberno autónomo, ao dispoñer de capacidade económica para levar a cabo proxectos propios derivada dos concertos económicos, poderían ser os tópicos máis notables de tal especificidade, tal como se expón na presente obra, que é consecuencia dun programa de investigación que se vén desenvolvendo, en particular, desde a Facultade de Ciencias da Educación de Donostia, e que, sen dúbida ven dar aos interesados non vascos unha información contrastada e oportuna.

No seu ensaio sobre o binomio centralización/descentralización na política educativa española ao longo do século XX, Dávila sinala como a afirmación do liberalismo conservador sobre o progresista (aberto a unha concepción federal) conduciu á nacionalización do sistema educativo, facendo del un elemento clave para a afirmación da españolidade, nun marco de modernización do Estado, modelo este que suscitou o rechazo de sectores da burguesía en Cataluña e Euskadi, quen reclama-

ron, pola súa parte, a descentralización da política educativa, e levaron a cabo decisións políticas tendentes a isto desde as súas posicións de poder nas Deputacións provinciais (a Mancomunitat no caso catalán, a partir de iniciativas de 1911), algo que en Euskadi contou co antecedente das posicións anti-liberais definidas pola Sociedade de Estudos Vascos desde 1918. Así, en 1920 convocouse pola Deputación de Bilbao a cobertura de 50 prazas de mestres, coa esixencia de coñecemento do euskera, para exercer en zonas basco-falantes.

Co triunfo dos nacionalistas na Deputación de Bizkaia, dos carlistas en Álava e Guipuzcoa e dos turnistas en Navarra, abordáronse algúns significativos proxectos particulares: as escolas de barriada en Bizkaia desde 1919, un proxecto de construción de 50 escolas de nenos e 50 de nenas, cun reparto territorial homoxéneo, un programa de euskaldunización, coa presenza de libros de texto en euskera e un uso de metodoloxías didácticas activas; a creación de 21 escolas rurais en Guipuzcoa desde 1930, cun planteamento innovador e en euskera; a fundación, tamén en Guipuzcoa de Escolas de Artes e Oficios, en correspondencia cos focos de industrialización; a creación da Escola vasca de Pamplona en 1931, así como a concesión de bolsas e a organización de cursos e conferencias, a protección aos libros euskáricos e a esixencia do coñecemento do euskara para a contratación de persoal administrativo.

Estas accións e iniciativas tiveron continuidade durante o tempo da IIª República a través de experiencias como as privadas Escolas vascas que promovían un ensino bilingüe, católico —en contradición coa política laicista oficial da IIª República— e

vasquista, que chegaron a ser 27 con 1500 alumnos en 1934, e a través tamén das actuacións do Goberno Autónomo desde 1935, que emprendeu accións de impulso ao ensino primario tendentes á creación dunha rede escolar pública e nacionalista.

Todo isto co trasfondo permanente do desexo dunha identidade católica e tradicional, contradictoria co liberalismo centralista español e coa súa política educativa, tal como defendera Arana, quen desde raíces carlistas e foralistas, promoveu a transformación da conciencia étnico-cultural vasca en conciencia política nacionalista.

Estamos, pois, ante un conxunto de ensaios, distantes de conformar unha representación global da historia educativa do País Vasco no século XX, pero de lectura necesaria para comprender aspectos relevantes da especificidade educativa vasca.

Antón Costa Rico

---

**Educació i Historia, nº 5 (2001-2002).  
Monográfico: Jordi Monés i la renovació  
de la historiografía educativa, Barce-  
lona, 2004.**

---

O número 5 de *Educació i Historia*, a revista de historia da educación que promove a Societat d'Història de l'Educació del Païssos de Llengua Catalana, fundada en 1992 como continuación do Seminario Catalán de Historia da Educación e integrada no Institut d'Estudis Cataláns, adica a súa extensa sección monográfica a glosar, estudar e valorar a contribución historiográfica do profesor Jordi Monés ao coñecemento da historia educativa de Cataluña, agora que o profesor se achegou aos seus 75 felices anos de idade.

Para a ocasión son moitos os contribuíntes presentes neste monográfico:

Jaume Carbonell, que presenta o monográfico e glosa a figura de Jordi Monés; Pere Solá, que fala do cidadán, do investigador e do amigo; Conrad Vilanou, que sitúa as claves historiográficas do conxunto da obra do homenaxeado; Salomó Marqués, que trae a propia historia do grupo de investigadores cataláns, cuestión esta que tamén é abordada desde as Illes por Bernat Sureda; Antoni Fort que sitúa a obra de Monés no contexto das correntes educativas; Carme Agulló que desde o País Valenciá analiza a obra de Jordi Monés con respecto a historia e problemas da catalanización escolar; Julio Ruíz Berrio que analiza os encontros de Jordi Monés coa historia da educación española, e Antonio Viñao que estuda a dimensión e a presenza internacional da obra de Jordi Monés. O monográfico acolle tamén a extensa historiografía até o momento elaborada por Monés e cérrase co texto dunha conferencia magna pronunciada por Monés ("O Congreso universitario catalán de 1903") no Paraninfo da Universidade de Barcelona en 1903, co gallo do Centenario do primeiro congreso universitario catalán.

A obra escrita de Jordi Monés (Badalona, 1928), a súa implicación en congresos, a súa incitación constante para o desenvolvemento do Seminario Catalán de Historia da Educación desde os primeiros anos setenta, a súa constante presenza nas xornadas catalanas de historia educativa, que percorreron case todas as terras do País, desde aquelas primeiras *Jornades* de 1977, e a súa constante colaboración no contexto hispano e no internacional, aparece, así, oportunamente analizada. Os seus textos, en libros de autor único ou en colaboración, en grande parte das revistas culturais catalanas, en *Cuadernos de Pedagogía*, en *Historia de la Educación*, na *Revista de Educación* do

MEC, e as súas contribucións como editor, introdutor e prologuista e como tradutor, son extensas, pero son sobre todo críticas, informadas, historiograficamente esixentes e, en particular, afiliadas á historia social da educación, como acertadamente sinalou o profesor Conrad Vilanou na súa interesantísima contribución historiográfica (páxinas 13-59).

É por todo isto ben xustificada esta fermosa homenaxe que os seus amigos e colegas lle tributan. Eu mesmo desde Galicia quero sumarme a esta homenaxe. En varios momentos do monográfico é aludida a súa obra *El pensament escolar i la renovació pedagógica a Cataluña* (1833-1938), unha luz fresca sobre a historia pedagóxica en Cataluña, e ao respecto eu quero referirme á importancia que para min tivo esta obra (de 1977), que me fixo coñecer en Barcelona en xaneiro de 1978 o amigo e director de *Cuadernos de Pedagogía* Jaume Carbonell, cando eu estaba iniciando a elaboración da miña tese de doutoramento presentada en 1982 sobre “a escola primaria en Galicia (1898-1936)”; un dos catro libros para min máis influíntes, cousa que até aquí non sabía o amigo Jordi Monés.

Antón Costa Rico

---

**SAENZ, J., DEL POZO, M<sup>a</sup> M., VIÑAO, A., CEREZO, M. A. Y OSSENBACH, G. (Coord): Psicología y pedagogía en la primera mitad del siglo XX, Madrid, UNED, 2003**

---

El libro nació, según indica su coordinadora la profesora Gabriela Ossensbach Sauter, con fines didácticos, como material de apoyo y de trabajo para los alumnos de Psicopedagogía de la UNED que cursan la asignatura de Historia de los Sistemas

Educativos procedentes, en gran parte, de la rama de la Psicología y abocados todos ellos profesionalmente al ámbito escolar utilizando conocimientos tanto de Psicología como de Pedagogía. Este material está enfocado a dar a conocer el origen de la Psicología científica y su influencia en la renovación de las teorías pedagógicas, las prácticas escolares y la organización de las instituciones de enseñanza en la primera mitad del siglo XX. De ello resulta una aproximación a la Historia de la Psicopedagogía particularmente enfocada a desvelar la influencia de los avances en el campo psicopedagógico en la organización y desarrollo de los sistemas educativos.

La obra se estructura en cuatro capítulos. El primero gira en torno a las ciencias humanas y su incidencia en la reorientación de la Pedagogía. Su autor es Javier Sáez Obregón, profesor colombiano formado en el ámbito de la Psicología y de la Educación en distintos centros de Canadá, Estados Unidos e Inglaterra. Aquí se plantea cómo desde finales del siglo XIX la confluencia de varios discursos científicos empiezan a influir de forma muy determinante sobre la Pedagogía. La Psicología científica, el discurso médico e higienista y las investigaciones en torno a la sociedad incidirán en el campo educativo reorientando el saber y la práctica pedagógica.

El segundo capítulo se centra en la renovación de los métodos de enseñanza que dará lugar al llamado movimiento de la Escuela Nueva. La autora es María del Mar del Pozo Andrés, bien conocida entre los historiadores de la educación en España por su contribución al estudio de la escuela primaria de finales del siglo XIX y principios del XX, analizando particularmente la influencia del movimiento de la Escuela Nueva en España. Ella es quien analiza

cómo la influencia de los nuevos saberes, especialmente de la Psicología científica, provocarán la renovación de los métodos pedagógicos, concretándose en una gran variedad de propuestas didácticas que se engloban en el llamado movimiento de la Escuela Nueva.

El tercer capítulo aborda la renovación de la organización escolar que dará lugar a un nuevo modelo de escuela, llamada escuela graduada. Lo escribe Antonio Viñao, el autor que mejor ha estudiado en España este tipo de organización escolar que supone la aparición del colegio-escuela, caracterizado, a diferencia de la tradicional escuela unitaria, por la división del trabajo escolar en grupos homogéneos de alumnos con la multiplicación de aulas y profesores, y en la que se ven reflejados los nuevos discursos científicos.

El cuarto capítulo se enfoca a dar a conocer los inicios de la Psicopedagogía en España. Su autor es Miguel Ángel Cerezo Manrique, buen conocedor del tema, quien analiza el proceso de la recepción en nuestro país de los avances de la Psicología científica y de su aplicación a la educación. La incorporación de la investigación científica de carácter experimental a la educación trajo novedades importantes como la atención a los niños con dificultades, el estudio y medición de los escolares, la orientación escolar y profesional o la individualización y diferenciación de la educación entre otras, que son magníficamente tratadas por el autor.

Aunque, como hemos indicado, la obra que comentamos tiene un claro fin didáctico y como tal está desprovista del aparato científico de citas que caracteriza al trabajo de investigación, está elaborada con gran rigor y riqueza de información, que no restan claridad a la exposición.

Acompañan, a cada capítulo, una acertada selección de textos relativos a obras y documentos de la época alusivos a la temática tratada, con el fin de que el alumno o cualquier estudioso del tema, pueda profundizar en el conocimiento y comprensión de las cuestiones que se abordan.

Por ello desde aquí felicitamos a los autores, y en especial a la coordinadora del libro, la profesora y amiga Gabriela Ossenbach, que ha hecho posible este interesante instrumento de trabajo para alumnos y profesores de la titulación de Pisopedagogía y para cualquier otro estudioso del proceso de la modernización de nuestra institución escolar.

Carmen Benso

---

**BELLO, L., Viaje por las escuelas de Asturias, KKR ed/ Tribuna Ciudadana, Oviedo, 2003, 206 pp.,( prólogo de A. Escolano).**

---

A presente reedición das reportaxes que Luis Bello fixera sobre as escolas e os mestres de Asturias en 1926 para o xornal de Madrid El Sol, que xa foran recompilados en 1985 por iniciativa da asociación Tribuna Ciudadana, preséntanos un moi perfilado panorama da realidade escolar asturiana urbana, vilega e rural dos anos vinte; un escenario escolar de arquitecturas e de espacios físicos, pero tamén habitado polas xentes de labor, por emigrantes emprendedores, por nenos e mesmo por autoridades municipais nalgúns casos sensibles ás cuestións educativas.

Polo escenario transcorren problemas, realidades e esperanzas. Iniciativas e tamén personaxes. A pluma amaestrada de Bello coa súa agudeza de xuízo e cunha prosa depurada, precisa e harmoniosa,

vainos mostrando xeografías e pobos, o fondo común e as diversas españas, os contrastes e tamén un certo balance: “En conxunto o cadro escolar asturiano, sinala o profesor Escolano na páxina 18, non é tan arcaizante como o atopado noutos lugares de España”.

No escenario encóntranse a feira de Cangas de Tineo onde aparecían os mestres para ser contratados, a Universidade de Oviedo, a gran obra dos emigrantes a América, o centro extraordinario dos irmáns Selgas, os mestres de Xixón, os emprendementos de Luarca e Oviedo, a Biblioteca de Llanes, a Escola de Artes e Oficios de Avilés, os mestres de ferrado de Bavía, os mestres profesionais da cidade, a crecente graduación e tamén a apreciable alfabetización.

Esta edición aparece agora enriquecida con diversos textos complementarios. Un cumprido prólogo do profesor Escolano, editor e comentador de edicións anteriores das crónicas de Bello referidas a Castela León, Andalucía, Madrid e Cataluña; un comentario sobre a vida e a obra de Luis Bello presentado por José Esteban, presidente da Fundación Luis Bello; un texto escrito por Azorín en 1927 sobre os textos de Bello e mesmo un epílogo para asturianos, acompañado todo de lindas fotografías seleccionadas por Angel Mato mostrando escolas e xentes dos primeiros anos dos século XX.

Por tanto e por todo estamos ante un moi estimable produto editorial.

Antón Costa Rico

**SIQUIERA DE SOUZA, María Cristina y GASPARD DA SILVA, Vera Lucia. (Organizadoras). (2002). *Feminização do magisterio: vestígios do passado que marcam o presente*. Bragança Paulista: Universidade São Francisco.**

O libro compilado por María Cristina Siquiera de Souza e Vera Lucia Gaspar da Silva mostra o proceso de feminización da docencia primaria no Brasil. O acerto das autoras ten sido o de presentar unha análise sobre feminización dende diversas perspectivas, tanto teóricas como metodolóxicas. A diversidade de ópticas que podemos atopar neste libro lévanos a situarnos ante a problemática da feminización dende un ámbito histórico, socio-histórico, cultural, político ou ideolóxico ou ante a interrelación entre as características sexuais e as de raza na construción da feminización docente.

Ó tempo que observamos a amplitude de contidos sobre feminización podemos constatar a utilización dunha importante diversidade de metodoloxías. Este feito contribúe a un coñecemento máis amplo, máis argumentado da cuestión da feminización na educación primaria. As metodoloxías cuantitativas unidas ás cualitativas axudan a obter unha identificación do problema máis amplo. Nesta obra, os datos estadísticos están ó servizo da realización de comparacións numéricas sobre a desigualdade das profesoras de primaria cos profesores; os datos estadísticos evidencian o número de profesoras e profesores en postos de dirección, a existencia de diferenzas salariais, etc. Os datos cualitativos axudan a situar os datos estadísticos nunha realidade individual e, posteriormente, colectiva. As autoras que utilizan esta metodoloxía conseguen que nos acerquemos á interpretación da realidade da

docencia por parte dos suxeitos anónimos que dan voz e significado persoal ós datos estadísticos.

A feminización da docencia primaria no Brasil posúe un recorrido histórico paralelo ó da maioría dos países occidentais. A finais do século XIX e principios do XX da comenzo o nomeado proceso de feminización apoiada en discursos sobre a excelencia das mulleres para desenvolver a profesión de mestra. As cualidades, supostamente naturais, que se lles adxudicaba ás mulleres como nais e coidadoras facía que se lles considerase aptas para levar a cabo este traballo. Un traballo para o que se estimaba que non eran necesarios coñecementos pedagóxicos específicos xa que, coa posesión das cualidades morais que garantizasen a bondade social de quen ía ser guía do alumnado era de sobra suficiente

Brasil, segundo a análise realizada pola profesora Maria Christina Siquiera de Souza Campos, posúe una peculiaridade que fai que a feminización parta de procesos contextuais específicos. O auxe das institucións de orfas foi unha canteira para a docencia primaria xa que era necesario atopar para estas mulleres unha saída profesional digna, e atópano na docencia. A este feito uniuse o auxe das ideas liberais a mediados do século XIX. O liberalismo propugnaba que o desenvolvemento social só podía facerse realidade cunha cidadanía educada. Este ideario significou o aumento de escolas e, paralelamente, o do profesorado. O que "obrigaba" a incorporar mulleres nasa suas filas ante o aumento da demanda profesional.

A aportación de Zeila de Brito Fabri Demartini e Fátima Ferreira Antunes é moi estimulante xa que, ademais de realizar unha análise sobre as causas da feminiza-

ción, que son: falta de estímulo desta profesión debido, sobremaneira, ós baixos salarios e ás correntes de pensamento de fins do XIX que definían a docencia primaria feminina como a extensión do rol maternal. O traballo destas autoras é moi suxerente porque realizan un examen descriptivo das traxectorias vitais de diversos mestres e mestras có obxecto de vivenciar o ascenso profesional (extremadamente rápido en comparación co das mestras, tal e como se demostra neste artigo). A análise sobre as traxectorias profesionais das mestras da como resultado un periplo laboral no que se observa un cambio continuo de escolas en diversidade de ámbitos xeográficos que, á súa vez, non dan como resultado, conseguir postos de dirección coa mesma dilixencia que os varóns.

Vera Lucia Gaspar da Silva utiliza os relatos das vidas das mestras para dilucidar o discurso dominante da época sobre a capacidade profesional docente das mulleres. A través do examen destes documentos a autora consegue desterrar a idea das mestras como mulleres abnegadas, cunha función educativa máis misionera que pedagóxica. Mostrásenos, pola contra, a esas mulleres como un importante colectivo de resistencia ante o discurso baseado na equiparación entre mestra e nai. Este discurso estereotipaba ás mestras como docentes sen aspiracións a obter unha maior formación profesional. Realízase pois un traballo de visibilización dun importante colectivo de mulleres que quedou velado historicamente: o de aquelas mulleres que querían ser respetadas profesionalmente e loitaban contra a moxigatería da época.

A metodoloxía cualitativa está presente na aportación que realiza María Teresa Santos Cunha nesta compilación. Os ins-

trumentos que utiliza son os diarios de dúas profesoras que escriben sobre as súas experiencias como alumnas da escola normal e, posteriormente, como mestras, na década que vai de 1964 a 1974.

Neste libro podemos atoparnos con fragmentos dos diarios destas mestras cos que disfrutamos da lectura individual e da interpretación persoal das súas vivencias, sensacións, esperanzas, medos, anhelos, saber e construción profesional. Neste sentido existe unha aportación imprescindible na reconstrución da memoria colectiva de aquelas mulleres que exerceron a docencia primaria como parte consustancial á historia da docencia brasileira e, dende os orixenes de tal historia quedara invisibilizada. Traballar dende unha metodoloxía cualitativa implica ir do persoal ó xeral e, do xeral ó personal xa que as temunhas individuais só poden entenderse nun marco máis amplo, no cal explicar a percepción persoal nun contexto determinado, ó mesmo tempo que o contexto se modifica con a intervención das individualidades (Sandra Acker, 1989).

A utilización de diarios resulta moi idónea para tratar de coñecer, con exactitude, as ideas e impresións das mestras, xa que, ó ser diarios íntimos escríbense para unha mesma, sen pensar en cales serán as interpretacións que podan realizar outras persoas. O obxecto desta clase de diarios non é o de ser leídos por outra persoa, o cal os alonxa da intención (aínda que sexa subxectiva) de deixar constancia dunha vida persoal que, máis que describir unha realidade, reinterpretase a realidade referida para que o escribano salise millor retratado.

O artigo presentado por Anamaria Gonçalves Bueno de Freitas expón cales eran as normas morais impostas ás profesoras normalistas. A historia da vida das

normalistas vólvenos a situar na reflexión persoal, íntima das profesoras. As investigacións realizadas unicamente con datos estadísticos impiden un coñecemento profundo da vida privada. A importancia dos datos cualitativos estriba na posibilidade (negada durante moito tempo) de “dar voz ás mulleres”, que sexan elas mesmas as que expresen as súas ideas, os seus intereses, as súas expectativas vitais e docentes, finalmente, que sexan a voz da súa propia experiencia. Amplíase, deste modo, a riqueza de matices sobre un período histórico determinado. O feito de dar voz ás docentes ten o significado de recoller o positivo e o negativo que significou para as mulleres o exercicio da profesión docente. Neste sentido a profesora Gonçalves móstranos a cara máis amarei e importante do que a profesión de mestra supuxo para moitas mulleres xa que a docencia deu independencia económica e reputación social a aquelas primeiras mestras.

Nailda Marinho da Costa Bonato sinala a existencia de dous grandes momentos históricos do Brasil. O primeiro: a abolición da escravitude e o segundo: a proclamación da segunda República. A importancia destes feitos históricos sobre a feminización da docencia radica, segundo a autora, en que son momentos nos que se reinventa o concepto de nación brasileira e, neste reinventarse, xoga un papel fundamental a escola, ó convertirse a educación nun debate central a fins do século XIX e principios do XX. A importancia tan relevante que adquiriu neste momento a educación débíase a que os pensadores da época estaban convencidos que para que existise desenvolvemento social era imprescindible preparar adecuadamente ás futuras xeracións, xa que serían quen as farían posible a transformación hacia unha sociedade con maior grao de desenvolvemento. Polo tanto,

debido á importancia que adquire o ensino poténcianse as escolas normais como can-teira dos futuros profesores e profesoras que terán que de educar á cidadanía da nova sociedade que se intentaba construír.

A autora relata a existencia dun currículo diferente para alumnos e alumnas das escolas normais. O currículo das alumnas estaba fundamentado na idea de que biolóxicamente eran distintas ós varóns e por elo os seus obxectivos profesionais terían que ir encamiñados a desenvolver as súas “potencialidades” naturais; o que finalmente se traduciría en que os varóns rematan por ocupar o espazo público e as mulleres o espazo privado. Este ideario trasladouse ás escolas normais e supuxo que os alumnos se beneficiaron do aprendizaxe de asignaturas marcadamente científicas, mentras que as alumnas ocupábanse basicamente da primeira infancia, xa que, se consideraba que as mulleres non necesitaban adquirir coñecementos específicos porque o seu instinto maternal cubría as necesidades da profesión á que se iban a adicar.

Ana Sánchez Bello

---

**FERNÁNDEZ, E., PEREIRA, D., O anarquismo en Galicia, Ed. Positivas, Santiago de Compostela, 2004, 290 pp.**

---

A pegada histórica do anarquismo e do anarco-sindicalismo (desde 1910) en Galicia é importante. Sabíámolo. Manexábamnos un bo monllo de datos. Con todo, era bastante menos do que pon de manifesto este libro-diccionario, construído, con intelixencia, con coñecemento e con xenerosidade, por quen mellor o podían construír.

Asomámonos á inxente laboura cultural dos anarquistas en Galicia e dos anarquis-

tas galegos en América, terra onde, por outra parte, moitos emigrantes se empaparon do doctrinarismo anarquista: a xornais como *Despertad!*, *El Corsario* (A Coruña, 1890-93: 3000 exemplares), *Solidaridad Obrera*, *Cultura Libertaria*; a ateneos e centros de cultura obreira, como Germinal d'A Coruña, o COC de Ferrol; ao movemento sindical e asociativo propiciado (*Xuventudes Libertarias*); ás figuras galai-cas (Troitiño, Corral, Ricardo Mella, que traduce a Kropotkin e publica en 1913 *Cuestiones de enseñanza...*); aos centros educativos dispersos pola xeografía urbana galega, pero sobre todo na Coruña á sombra da “Antorcha Galaica del Libre Pensamiento”, que contou co apoio constante do republicanismo coruñés, e tamén aos textos escritos e publicados a modo de folletos por anarquistas galegos, isto é un total de 34 autores de máis de 50 textos que formaron parte das Bibliotecas Germinal, El Sol, La Internacional e Aurora, ofrecéndose con isto quizais o aspecto histórico máis inesperado, e un dos máis interesantes da memoria anarquista en Galicia. Unha memoria silenciada en 1936 e que pouco a pouco podemos ir recoñecendo por mor de traballos coma este que comentamos.

Antón Costa Rico

---

**GIMENO SACRISTÁN, José: El alumno como invención. Madrid, Morata, 2003, 255 pp.**

---

Na actualidade, o feito de que anualmente comece un novo curso e nenos e nenas asistan á escola é tan familiar na nosa vida cotiá que tende a ser apreciado como natural, como se sempre existise e mesmo, inevitavelmente, tivera que continuar existindo, dando por feito que, nunha

etapa das súas vidas, o papel das persoas é ser escolares.

A peculiaridade sociolóxica e antropolóxica do feito de constituírse en *alumno* pasa xeralmente desapercibida, sin pararnos a pensar se foi sempre así, se o é universalmente, e mesmo se pode ser un estado do que necesariamente se deriven consecuencias sempre positivas para toda a infancia.

Tras problematizar o presente da institución escolar e rastrear na historia categorías, discursos e procedementos que en torno á infancia e á súa escolarización se elaboraron en outros tempos, o autor amosa como: alumno, neno, menor ou infancia, son invencións dos adultos, categorías construídas con discursos que se relacionan coas prácticas de estar con eles e de tratalos.

A nosa idea de alumnado –con tódalas variacións, incoherencias e contradicións que podamos atopar nos significados que tal categoría representa– é deudora e nútrese da longa experiencia de comprender e tratar ós menores en xeral, da herdanza de usos das institucións que os acolleron, do que diferentes axentes agardan que esas institucións fagan con eles e das condicións sociais, políticas, económicas e culturais na que todo iso queda inserido. A infancia constrúe en parte ó alumnado e este constrúe parcialmente a aquela.

A escolarización masiva, ó universalizar na condición de escolares ós menores, fixo da infancia unha etapa da vida adicada a “prepararse”, a educarse en institucións especializadas. Neste senso, tal e como se fundamenta ó longo da obra, a peculiaridade da escolarización ven definida por dous subsistemas interrelacionados: por unha banda, o formado polo discurso que da

razóns ó que percibimos ou facemos e que lexítima o que queremos, constituído pola amalgama de crenzas, suposicións, ideas ou teorías, acerca de que é, que ha de facer e como debe ser a infancia que vai a ser escolarizada; por outra, ás condicións que o propio contexto escolar impón como obrigatorias e que abranguen desde a organización espazo-temporal, ata os modos e os contidos a aprender.

Dí o autor que este non é un libro no que pretenda recomendar que e como facer para que as alumnas e os alumnos se maravillan nas aulas. Pero é unha obra que versa sobre o alumnado e reflexiona sobre o que o adulto fixo do alumno en tanto que menor. Aporta así unha mirada sobre como se constrúe a figura do aprendiz nas institucións escolares e, contemplando a actualidade coa dimensión que lle otorga este cambio de perspectiva, permite analizar algún dos efectos inxustos da escolarización e mesmo loitar en dirección contraria.

Se cadra a institución escolar nunca estivo ben configurada para que os menores se atoparan a gusto alí, pero xa que o “suxeito educado” é de inventalo, en contra dos que piden máis esforzo e disciplina, parécenos máis acertada a proposta do autor de preocuparnos de que os estudantes obteñan máis pracer co que lles ensinamos para que a vida nas aulas poda ser un tempo para gozar e non para penar.

De tódolos xeitos a mellor presentación da obra é, sen lugar a dúbida, o derradeiro parágrafo do autor:

*“¿Poden ser as nosas escolas de outra maneira a como o son? Se non poden selo, é que chegamos ó final da historia da creación humana e á máis alta plenitude posible. Como iso non é verosímil, se van a*

*seguir sendo como son, é porque perdemos a capacidade de imaxinalas de outra forma. Ás veces non hai que imaxinar sequera para atopar como cambiar. Basta ollear a historia ou, simplemente, mirar ó noso redor”*

A realidade é como é, pero cambiar de perspectiva á hora de abordala, danos claves para saber como e por que foi así, ademáis de liberdade para imaxinala de outras maneiras posibles. Na medida en que somos máis coñecedores de por que as cousas son como son, quizás teñamos que moderar a nosa esperanza de que a cultura sobre a educación se actualice rapidamente para mellorar, pero a cambio, tomamos conciencia máis precisa acerca de que ten que transformarse para que cambie a lóxica de fondo que está a soste a realidade escolar na actualidade

Ana Iglesias Galdo

---

**VILLARES,R.,Historia de Galicia,Galaxia ,Vigo ,2004, 470 pp.**

---

O profesor e historiador Ramón Villares ofrécenos un elaborado texto ensaístico e de síntese, coa pretensión de mostrar a evolución histórica do País e de interpretar as principais claves da Galicia actual, aspirando así a pensar Galicia desde a dimensión histórica. Faino mediante un texto revisado e ampliado con respecto a aquel que en 1984 titulara *Galicia. A historia*, coa idea de poder tomar en consideración moitos dos novos coñecementos históricos achegados nestes últimos vinte anos e acoller así unha perspectiva histórica máis interrelacionada e de contraste comparativo con outras terras españolas e europeas (“agora a historia de Galicia fica menos isolada”, di o autor na páx.13), para considerar novos contidos en particular relativos á historia da

cultura e mesmo para alargar até a actualidade un texto que practicamente se pechaba en 1936, na edición de 1984.

A *Historia de Galicia* de Ramón Villares, que parte da toma en consideración da tradición historiográfica propia (Murguía, Otero, Castelao, Risco ), distánciase dos modelos interpretativos historicista e economicista e tamén dunha visión histórica filloxista e puramente literaria, para poder ofrecer un enfoque explicativo máis integral, tratatando de subliñar todos aqueles aspectos que mellor poden explicar a configuración do noso presente. Unha Galicia captada como unha “nación-cultura”, en expresión de Otto Brunner, de marcados acentos, e que, con todo, non se constituíu como nación-Estado. Un país sometido durante bastantes séculos a unha visión externa pexorativa, e que tivo como grandes protagonistas configuradores á terra, ao campesiñado, á emigración, ao mar, ao Camiño de Santiago, á Igrexa e mesmo a Portugal. Unha nación-cultura con catro momentos clave na súa configuración: o da conformación do reino svevo no século V, o século XII con Xelmirez e o Camiño de Santiago, a segunda metade do século XVIII, e o primeiro terzo do século XX, como momento de intensa modernización, de notabel urbanización e de articulación e conciencia social.

O recorrido pola evolución histórica do País faise na presente ocasión salientando o papel dos nosos nucleos urbanos, para amortecer así a visión impropriamente ruralista de pasadas narracións históricas. Isto é, a Galicia antiga e a romanización non se explicarían adecuadamente sen a civitas de Lugo; de Mondoñedo veñen as relacións co mundo atlántico e celta; Santiago de Compostela como cidade das peregrinacións abre as portas á Europa, á cultura

letrada e ao románico ;Pontevedra, cos seus mercaderes e mareantes, sitúa a Galicia nas rotas comerciais e dos descubramentos ultramarinos; a Ilustración en Galicia explicaríase mal sen a presenza de Ferrol e o seu Arsenal; o liberalismo pasa pola Coruña, onde prenden as chamas que logo se expanden por toda Galicia; non se acertaría a explicar o galeguismo europeista do século XX sen a cidade das Burgas, co seu núcleo intelectual (“Nós”), mentres que, por fin,a Galicia industrial contemporánea e os ritmos das grandes urbes é en Vigo onde máis nidiamente se significan. E todo isto preséntao Ramón Villares mediante retallos históricos un chisco impresionistas, con algunha amaestrada pingueira periodística,que aos poucos van aparecendo ao longo dun texto construído sobre o máis marcado eixe cronolóxico, procurando acadar un discurso medido e axustado e en xeral convincente; un ensaio que é, como el indica , o complexo resultado dunha construción intelectual e da análise empírica de datos históricos.

O resultado é unha visión autorizada, equilibrada, interpretativa e crítica ,se ben a visión que se ofrece desde a Baixa Idade Media é aínda a dun País máis ensimismado do que o foi, e dicímolo por canto creo que tivo máis vitalidade contrastes e conflitos do que neste texto poida parecer. Nove apartados ordenan o texto: a formación da Gallaecia e a romanización, a Galicia alto-medieval e o feudalismo,o esplendor feudal arredor de Compostela,o tempo baixo-medieval e as súas crises, A Galicia do Antigo Réxime, as inercias e as mudanzas do século XIX, e por fin a Galicia do século XX analizada na súa alborada modernizadora, na influencia do galeguismo e do nacionalismo e nos seus tempos máis actuais, entre o franquismo e a democracia. Son, en efecto, os grandes chanzos

que conforman a nosa historia, explicada a través de epígrafes ben seleccionados e que queren dar conta tanto das condicións estruturais e das súas modificacións ao longo do tempo, como dos aspectos relixiosos, políticos, culturais e referidos ás mentalidades dos diversos sectores e grupos sociais que articularon en cada momento o tecido social propio da sociedade galega.

Hai ,de todos modos, asuntos que creo que non teñen aquí un adecuado tratamento; entre eles, a relación dos reis con Galicia no tempo anterior á unificación de León con Castela, a modesta expansión comercial pontevedresa (da que se fala hiperbolicamente como esplendor comercial), a presenza do galego escrito no tempo baixo-medieval e alén da materia poética, a historia das mulleres (grandes silenciadas ), a considerábel presenza de mosteiros bieitos, a Ilustración da que se dá unha visión preferentemente “cultista”,que agocha os rasgos técnico-científicos apenas aludidos, a actuación da Inquisición na que se integran sólidas redes familiares galegas, os aparatos burocrático-militares da monarquía dos Borbóns, o impacto da Guerra da Independencia, a intervención americana de ilustres galegos durante os séculos XVI-XVIII, a influencia das organizacións políticas PSOE ou Izquierda Republicana durante o primeiro terzo do século XX ou a incidencia política do nacionalismo de esquerdas representado sucesivamente polo POG e Esquerda Galega, logo PSG-Esquerda Galega, baixo o liderato de Camilo Nogueira.

Por outra parte, e por publicarse esta recensión neste Anuario Galego de Historia da Educación, temos que indicar que no seu conxunto, e máis alá do que se

refire á lingua e á literatura galega, non é correcto o tratamento dos asuntos referidos á formación cultural e letrada, como pasamos a sinalar puntualmente, dado o carácter de icona que o presente libro pode chegar a ter:

- na p.72 fálase do “esplendor cultural da Galicia tardorromana” cun modo expresivo excesivamente enfático,
- na p.73 ponse a Paulo Orosio, o historiador galego de comezos do S.IV, á altura de Boecio e de Isidoro de Sevilla como “un dos grandes educadores de Occidente”, mais este con ser importante non o era tanto nesa perspectiva educadora,
- na p.109 di que durante o século XII desde o cabido compostelano saíron clérigos a estudar a Montpellier e a Salerno, extremo para o que non se conta con evidencias históricas, aínda que si foron a París, a Chartres e a Boloña na fin do século,
- na p.145 falando de Santiago non se fala da notábel acción intelectual dos franciscanos e dominicos durante os séculos XII e XIV, en pleno auxe da escolástica, ao punto de dar varios recoñecidos mestres a universidades europeas,
- na p.172 falando da cultura humanística e baixo o rótulo da Baixa Idade Media danse referencias que son propiamente do século XVII,
- na p.173 dise que o “Estudo Xeral” foi “a forma primitiva da universidade compostelá”, con referencia a 1495, cando só se pode falar de Estudo Xeral en Compostela desde 1555, seguindo os cánones da historiografía universitaria europea,
- na p.227 dise que na Galicia do Antigo Réxime os franciscanos destacaban “con máis de vinte casas de estudo espalladas por toda Galicia”, cando estas non sobardaban a media ducia nos mellores momentos, en tanto que non deberíamos chamar casas de estudo á presenza irregular no tempo de pequenas cátedras sobre todo de “casos de conciencia” (teoloxía moral) para a formación cristiãna e a actualización clerical,
- na p.227 dise que os xesuítas desenvolveron o programa educativo máis ambicioso da época “sobre todo no ensino superior”, cando iso só foi certo no que poderíamos chamar ensino medio,
- na p.228 e con referencia aos séculos XII e XIII dise que a “escola catedralicia de Santiago impartía formación de carácter universitario” saíndo dela mestres “que participaron na fundación doutras universidades como a de Salamanca”; é axustado dicir que a escola catedralicia impartía unha alta formación, que preparaba para o acceso a prestixiosas universidades europeas e clérigos compostelanos, logo de acudir a elas, interviron na fundación da de Salamanca e mesmo na de Pádova,
- na mesma páxina dise que “foi na época renacentista cando se funda o principal centro de estudos superiores da Galicia Moderna, primeiro como “Estudo Vello” e logo como universidade de Santiago. A denominación de Estudo Vello foi a que se utilizou para distinguir o estudo de gramática creado en 1501 do novo de teoloxía que Fonseca puxo en marcha en 1522, os dous refundidos por autorización papal de 1526 para poder dar paso ao Estudo Xeral compostelano, creado en forma

de Colexio-Universidade, e así tamén se di impropiamente que “os primeiros pasos da universidade de Santiago foron como Escola de Gramática a partir de 1495”, cando o máis correcto é sinalar que este Estudo gramatical foi só antecedente da posterior creación universitaria,

-na p.224 ao falar do Consulado da Coruña non se fala como sería do caso das súas cátedras de cultura científica e técnica; nin tampouco páxinas máis adiante da fundamental Escola de Gardas Mariñas existente en Ferrol, onde se cultivaban como en ningún outro lugar de Galicia os saberes físicos, matemáticos, astronómicos e hidrográficos, nin do Hospital Militar coa súa influencia sobre os saberes médicos da universidade compostelá,

-na p.234 non hai ningunha referencia á dimensión pedagóxica do Padre Sarmiento, sendo clave para entender a reivindicación de galeguización educativa; non nos atreveríamos a dicir que Sarmiento era de pensamento conservador, o que dependería do Sarmiento que analicemos,

-en todo o capítulo adicado ao século XIX non hai ningunha referencia á educación, nun século no que tamén en Galicia se pon en marcha un sistema de educación pública con centos de escolas, varios institutos, escolas normais, escolas de artes e oficios, os modernos colexios relixiosos e o moderno ensino privado urbano, ademais de escolas de comercio; nun século que ve nacer a prensa profesional docente e a ILE, na que interveñen algunhas prestixiosas figuras galegas desde os primeiros intres,

-hai nomes como os de Alvaro de Mendaña e Seixas e Lobeira dos séculos XVI e XVII, ou os de La Sagra e Madariaga que teñen una importante resonancia cultural aquí non aludida,

-non se fala de procesos de alfabetización, nin menos da educación feminina, e apenas se di nada do ensino na IIª República, e igualmente calquera referencia á educación está silenciada desde 1936 para adiante e, sen embargo, ¿non será esta un dos factores intervinentes na configuración actual de Galicia?; pensemos no Plan Galicia, na Lei Xeral de Educación, nos intensos procesos de galeguización, por máis que non exitosos.

A *Historia de Galicia* é sen dúbida un importante ensaio histórico para comprender o País, que paga a pena ler, porque ademais está escrito cunha fermosa prosa, se ben no plano cultural e formativo deberá pois ser lido con algunha cautela.

Antón Costa Rico

---

**REY CASTELAO, O., Libro y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX, Xunta de Galicia (“Colección: Bibliofilia de Galicia”), Santiago de Compostela, 2003, 816 pp.**

O estado e a evolución dos niveis de alfabetización da clientela potencial da lectura de libros, o mundo do libro en Galicia no que á produción editorial e o comercio libreiro, e mesmo no que ó consumo de libros por compra e constitución de bibliotecas privadas, a fundación e desenvolvemento das diversas bibliotecas colectivas ou institucionais (Universidade, arcebispado, cabidos, mosteiros e conventos) e a natureza dos textos producidos (con especial e particular atención ós produtos his-

toriográficos), conforman un universo sobre o mundo do libro en Galicia analizado nun extenso período histórico que vai desde o Renacemento ata o tempo do liberalismo decimonónico. Un universo reconstruído pola investigadora Ofelia Rey Castelao, que xa nos tiña adiantado algunhas pezas senlleiras do traballo que agora nos achega, destinado a ser un obrigado referente historiográfico, que moi ben podería ser considerado noutros espazos rexionais.

A obra tenta coñecer o mundo da lectura e as súas características nun territorio onde, a priori, todo o que ten que ver co mundo do libro ofrecía un panorama ermo en relación con outros espazos hispanos e europeos produtores de cultura letrada, se ben o mundo do libro e da lectura estivo sempre sostido por unha clientela aínda que restrinxida en número, identificada, sobre todo con eclesiásticos, escolares e profesionais de procedencia diversa que sempre acollían de mellor gana os produtos tradicionais que as innovacións.

Para chegar a este coñecemento, a obra estruturábase en seis amplos capítulos. Así estudia todo o que está relacionado coas posibilidades reais da lectura, a produción, o consumo e o comercio de libros en Galicia e mesmo a constitución de bibliotecas particulares e colectivas para chegar finalmente a unha conclusión que pon o til na imaxe tradicional e de retardamento social no que a materiais de lectura se refire, a pesares dalgunhas novidades observadas no século XVIII, en relación a outros territorios españois.

A situación excéntrica de Galicia, rebaixada en algunha medida pola relativa facilidade de comunicación por vía marítima, a dispersión da poboación, os contrastes entre as zoas de costa e o interior, a

ausencia de núcleos urbáns importantes, unha organización social dominada polo clero e pola fidalguía, unha poboación maioritariamente rural, pobre e culturalmente dependente, a debilidade das institucións públicas, as baixas e desequilibradas taxas de alfabetización e o vagoroso crecemento das mesmas, a debilidade extrema da rede escolar, o anquilosamento de Universidade de Santiago e dos colexios medios en mans do clero conservador... en modo algún facilitaron a demanda de lecturas e de libros. O resultado é unha precariedade mesmo endémica de postos de libreiros e de impresores, ó que hai que engadir a ausencia de editores “profesionalizados” e de autores capaces de producir obras de interese máis alá do contexto local. Pero ademais hai que considerar a pobreza común das bibliotecas privadas e institucionais, tanto polo número de volumes como pola calidade dos textos que nelas se gardaban. Todo isto relaciónase craramente coa existencia dun restrinxido mercado do libro, suministrado desde o exterior de xeito irregular coa excepción dos espazos costeiros, mellor comunicados co exterior, desde os que se podía acceder a un mercado máis amplo e variado. Esta valoración que a autora sinala nas páxinas 17-18, non lle impide facer notar algunhas situacións innovadoras, aínda que escasas, ó longo do extenso período que abrange o estudio.

No primeiro capítulo, relativo os niveis de alfabetización, analizados a través dun indicador indirecto como é o nivel de firmas, a autora fai notar que Galicia sitúase en paridade cos territorios do Norte peninsular; e aínda nalgunhas zoas, fundamentalmente as costeiras, por enriba, se consideramos unicamente a alfabetización masculina, ofrecéndonos unha síntese axustada do que ata agora se ten adiantado neste

campo, gracias ós traballos realizados por investigadores da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Detense con especial fincapé no proceso de escolarización que se desenvolve entre 1750 e 1850 e na cuestión da lingua galega como posible atranco alfabetizador pola falla de consideración ó longo deste período, manifestando a autora que non debía de ser atranco xa que de outro modo se terían preparados textos didácticos, igual que se fixo noutros contextos, valoración esta da que discrepamos porque cremos que a súa non consideración foi un atranco importante que permitiu unha permanencia moi alta no uso da lingua galega, a lo menos ata finais do século XIX. Como conclusión a autora manifesta que os usuarios potenciais do libro eran poucos, de procedencia urbana e con pouco aumento, condicionando este feito outros aspectos relacionados co consumo, o comercio, a produción, a variedade e a posesión de libros.

Despois de analizar o mundo do libro desde a óptica da historia cultural (enfrontada a unha visión erudita e bibliofílica), e mesmo como axente de circulación de ideas (pp. 77-91), achégase á produción de impresos, como artefactos, e ó seu comercio, o que a conduce no capítulo terceiro a estudar a natureza das modestas bibliotecas privadas, ó abeiro dos inventarios referidos nas cidades de Santiago e Ferrol.

Un grande capítulo adícase á constitución e desenvolvemento das bibliotecas colectivas ou institucionais en Galicia (pp. 147-486): A Biblioteca da Universidade de Santiago especialmente ó longo do século XVIII, momento no que recibe por doación 4000 títulos, é dicir, o 40% do seu depósito; as bibliotecas arcebispais e dos capitu-

lares composteláns; a consistente e numerosa biblioteca dos bieitos de San Martín Pinario, entre outros mosteiros; as dos circercienses, como a de Sobrado, e algunhas conventuais, como a dos franciscanos e os mercedarios composteláns. Asistimos así da man da autora, a un percorrido no que se analizan as características internas e pertencencias e mesmo se identifican autores, títulos e lugares, datas de edición, idioma..., todo elo marcado pola preocupación en detectar a bagaxe cultural que se utilizaba nas distintas ordes relixiosas. Todo isto remata poñendo de manifesto tanto os límites xerais das lecturas, en consecuencia coa precariedade formativa, como unha escasa vitalidade intelectual que habería que definir como feble.

En canto ós contidos da produción impresa en Galicia sobresa a relixiosa posta ó servizo das necesidades do clero, se ben abonda a produción xurídica, a histórica (cun 11,3%), a filolóxica e a literaria (cun 4,8%). Tamén se observa algunha presenza de ciencias e arte (3,5%). No que á produción historiográfica se refire, sinala a autora a falla de formación e pouco desenvolvemento que as cuestións históricas teñen no período estudado.

Salientar por último que Ofelia Rey, perfecta coñecedora das teses e posicións historiográficas neste campo da investigación, realiza, en conxunto, un traballo moi sólido, que pecha con conclusións atinadas e oportunas ó tempo que engade con xenerosidade as fontes impresas e arquivos estudados.

Anton Costa Rico

**RAMOS DO Ó, JORGE (2003), *O governo de si mesmo, Modernidade pedagógica e encenações disciplinares do aluno liceal (último quartel do século XIX – meados do século XX)*, Lisboa, Educa, 765 pp., ISBN: 972-8036-61-2.**

*O governo de si mesmo* é un libro acerca das tecnoloxías de goberno que nos constituíran como suxeitos da escola. *Jorge Ramos do Ó* escribe un discurso que amplifica a comprensión das diferentes prácticas da modernidade pedagóxica que configuraran as maneiras de ser e de estar do alumno dos estudos secundarios en Portugal.

A tese desta tese é a consagración da arquitectura dun tipo de ensino que descubriu a maneira de diferenciar e de individualizar ao alumno, impondo toda unha racionalidade de goberno que substituiu os tradicionais mecanismos de castigo e punición polas modernas técnicas de natureza *disciplinar e disciplinadora*. Racionalidade de goberno desplegada tamén para intensificar a profilaxia do desvío e dar lugar a un tipo de administración social das poboacións onde nada acontecía por ventura. Desta forma, entre finais do XIX e a segunda metade do XX, o tamén chamado ensino activo veu constituir:

- a distribución dos alumnos en agrupamentos homoxéneos e a constitución dun réxime de cursos sucesivos ordenados por idades mentais e naturais;
- a implantación dun sistema de progresión nos estudos estruturado en niveis de complexidade crecente;
- o seccionamento do tempo escolar (horarios) e a subdivisión dos espazos do edificio escolar (salas de estudio, xim-

nasios, enfermerías, comedores, dormitorios, etc.);

a instauración dun rexistro documental da actividade formado por artefactos como o arquivo de saúde escolar, o cadastro individual do alumno, o caderno diario, etc.

e, por fin, a descuberta de técnicas de goberno da sala de aula, como as estratexias de ensino mútuo e de ensino simultáneo, as pedagogías constructivistas centradas na actividade do alumno, os métodos de examen e de observación continua, etc.

A escola moderna, en proceso progresivo de consolidación desde finais do século XIX, desplegau toda unha economía de ensino dedicada a normalizar ao alumno liceal. Dende entón, toda unha serie de especialistas da subxectividade dedicouse a observar, rexistrar, inspeccionar, controlar e vixiar a alma do alumno dos estudos secundarios, con a manifesta intención de actuar sobre o interior do corpo e do espírito para determinar os lugares individuais de todos e de cada un en relación ao padrón de normalidade medio da escola. Na escola moderna, “espírito e corpo são simultaneamente apresentados como realidades plásticas e moldáveis – espécie de página em branco onde a instituição pode inscrever livremente tudo –, e, ao mesmo tempo, realidades plenamente constituídas, em que cada sujeito está incumbido da missão de descobrir a raiz, as ramificações e as deslocações dos seus pensamentos e fantasias súbitas.” (Ó, 2003: 46) “In fact, modern pedagogy refers often to the idea that there is a causal link between particularized knowledge of trends, habits, desires and emotions of the pupils, and the molding of their moral sensibility. It was the

attempt to make this socializing technology viable and disciplined that was at the origin of the discovery of the pupil by the end of the 19th century”<sup>1</sup>.

O profesor constructivista deste tipo de ensino, onde máis autonomía significou sempre máis goberno, dedicouse a controlar os intereses do alumno, as súas actitudes e os seus comportamentos, utilizando toda unha serie de técnicas de auto-descoberta, auto-observación, auto-avaliación, auto-regulación, auto-examen, auto-etc.<sup>2</sup> De tal xeito que o tema redentor foi levado á alma do novo profesor mediante pedagogías constructivistas que enfatizaban un exercicio da autoridade de cariz esencialmente persuasivo sobre os alumnos (Popkewitz, 1998)<sup>3</sup>, “tanto máis monitorizados, correctores e avaliadores, canto máis comunicativos, creativos e expresivos”<sup>4</sup>. Así, a subxectividade dos alumnos da escola moderna foi sendo historicamente configurada actuando sobre o seu interior, para institucionalizar un suxeito moral capaz de correxirse, purificarse e salvarse mentres se pertencía a si mesmo. E a medida que actuaron sobre as súas aptitudes, disposicións e comportamentos, os estudos secundarios foron conquistando a súa autonomía.

Estamos á fronte dunha xenealoxía do presente que procura a procedencia das

ideas a través do tempo, é dicir, trátase dunha narrativa histórica sobre o pasado que nos leva ata a descuberta do presente. Unha obra situada entre os discursos sen memoria que permanecen ditos, son ditos e aínda están por dizer, en orden a facer do novo algo que ten todo de vello e do vello algo que ten todo de novo. Un libro que mostra de que maneira foi preciso esquecer todo o dito e feito na modernidade pedagóxica, para que a mesma fala e o mesmo facer puidesen instalarse como a última novidade mesiánica e redentora do nosos tempos. E se o discurso das autoridades pedagóxicas da modernidade non é só o que manifesta os seus desexos, senón que tamén é obxecto de desexo; se os especialistas da pedagogía moderna tamén se queren apoderar da fala e do facer, ¿que é o que está en xogo á hora de dicir a verdade no discurso pedagóxico máis que a vontade de verdade e o desexo de poder?<sup>5</sup>

Cada un dos lectores, e á súa maneira, non evitará recoñecer a súa propia experiencia de alumno por entre tantos artefactos sociais que nos constituíran como suxeitos da escola. Verase obrigado a redescobrirse, unha vez máis, dentro ou fóra das verdades de cada época, e, unha vez condenado a ser libre, en canto condenado ao goberno de si mesmo, ficará prisioneiro das ideas dun autor que decidiu tomar por

<sup>1</sup> Nóvoa, António, Luís Miguel Carvalho, António Carlos Correia, Ana Isabel Madeira & Jorge Ramos do Ó (2003), *Educational Knowledge And Its Circulation: Historical and Comparative Approaches of Portuguese-Speaking Countries*, Lisboa, Educa, Prestige, p. 24.

<sup>2</sup> Silva, Tomaz Tadeu da (org) (1998), *Liberdades reguladas: a pedagogía construtivista e outras formas de goberno do eu*, Petrópolis, RJ (Brasil), Editora Vozes.

<sup>3</sup> Popkewitz, Thomas (1998), “A Administração Da Liberdade: a cultura redentora das ciencias educacionais”, en Mirian Jorge Warde (org.), *Novas políticas educacionais: críticas e perspectivas*, Programa de Estudos Pós-Graduados em Educação, História e Filosofia da Educação, São Paulo, PUC/SP.

<sup>4</sup> Varela, Julia (1995), “Categorías espacio-temporales y socialización escolar. Del individualismo al narcisismo”, en Jorge Larrosa (ed.), *Escuela, poder y subjetivación*, Madrid, La Piqueta, p. 184.

<sup>5</sup> Foucault, Michel (1971), *L'ordre du discours*, Paris, Éditions Gallimard.

obxecto “unha realidade quase mesquinha” (Ó, 2003: 625). Ao colocarse dentro dela, o lector experimentará a fantasía de condenar ao autor sen ficar preso no desexo de verdade de si mesmo, e tentará gobernar unha ficción onde o que nos produce estrañamento é a maneira en que o suxeito falante é o mesmo do cal se fala. E todo ocorre así porque esta obra *postfoucaultiana* non trata de facer ver o invisible, senón de facer ver como é invisible a invisibilidade do visible.

Pablo Souto

---

**PEÑA SAAVEDRA, V. (Dir.): Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia, 1715-1970. Santiago de Compostela, Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, 2001. Soporte electrónico: CD-ROM + libreto impreso de 24 pp.**

---

**PARA UNHA HISTORIA DA LECTURA NO TERRITORIO GALEGO: O REPERTORIO BIBLIO-HEMEROGRÁFICO DA EDUCACIÓN EN GALICIA (1715-1970)**

---

*O Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia (1715-1970)* foi editado durante o ano 2001 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), en soporte electrónico –disco compacto-, acompañado dun breve pero substancial libreto orientador interpretativo en forma de material impreso que funciona paratextualmente como carátula do disco compacto. Preséntase como unha ferramenta ineludible e de capital importancia e utilidade para investigadores, estudosos e interesados na Historia da Educación e da Cultura de

Galicia, xa que ofrece información rigorosamente sistematizada sobre fontes pedagóxicas impresas –bibliográficas e periódicas–, conservadas ao longo de case tres séculos. Constitúe unha verdadeira base de datos, na cal se incorporaron de maneira exclusiva as obras de autores orixinarios de Galicia, as editadas en territorio galego e as de temática principalmente galega, que dan conta dun amplo e pouco explorado terreo que ten sido unha das bases para a construción do patrimonio pedagóxico e cultural galego.

Á súa vez, a importancia e incumbencia do informe científico transcende os límites xeográficos da propia Comunidade Autónoma no que foi elaborado (e mesmo o propiamente español) para atinxir ao continente americano, ao incorporar fontes tales como os órganos periódicos que actuaron como voceiros institucionais de agrupacións con fins educativos, como as sociedades de instrución fundadas en América polos emigrantes galegos.

Esta obra, que denota un longo tempo de rigorosa e sostida busca e investigación documental, aparece como unha importante achega da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), que entre os seus obxectivos e funcións contempla: “A promoción de proxectos, publicacións e outro tipo de actividades que contribúan a recuperar a memoria educativa de Galicia e a dinamizar a súa realidade pedagóxica. (...) “Elaborar bases de datos sobre a educación na nosa Comunidade Autónoma” e “Recadar, catalogar, custodiar e difundir os acervos bibliográficos e documentais galegos, así como as producións nas que se obxectivan a memoria e a actualidade educativas de Galicia.”

Este *Repertorio* ten como antecedente un catálogo que fora elaborado con motivo da exposición *A Educación en Galicia* (1669-1970), organizada para conmemorar o 150 aniversario (1849-1999) da fundación da Escola Normal Superior de Santiago de Compostela. Nese catálogo incorporouse una memoria documental na que aparecían as referencias de 454 textos escolares e outros escritos de pedagogía, así como de 58 cabeceiras de prensa pedagóxica e profesional do profesorado e 23 de voceiros periodísticos de carácter escolar.

O catálogo educativo agora reseñado, que tomou ese acervo como punto de partida, logrou ampliar e optimizar a base de datos referida a obras pedagóxicas en Galicia a través dun meticuloso traballo de pescuda bibliográfica nas bibliotecas e nos centros de documentación de distintos puntos desa Comunidade autónoma e da consulta de catálogos colectivos localizados en Internet (Rede de Bibliotecas Universitarias Españolas –REBIUN-, Bibliotecas Públicas do Estado, Patrimonio Bibliográfico Español, Catálogo Colectivo Español de Publicacións Periódicas, Catálogo da Rede de Bibliotecas do Instituto Cervantes, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Rede de Bibliotecas do CSIC) e os fondos da Biblioteca Nacional; Biblioteca Xeral do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Os resultados do relevamento fixeron posible que na actualidade se dispoña de información sobre 1.108 libros e 254 publicacións periódicas. Pero o *Repertorio*, ademais de incrementarse cuantitativamente de maneira significativa, feito que se evidencia nas cifras, ao completar a información fragmentaria xa dispoñible e incorporar novas referencias, xéneros e forma-

tos textuais, adquiriu tamén un interesante e útil crecemento cualitativo. Neste sentido, cabe sinalar que se incluíron as producións xornalísticas patrocinadas polas Sociedades Galegas de Instrución na emigración, as revistas de ámbito universitario e, no que respecta á bibliografía, as obras relacionadas coa ensinanza secundaria e profesional, así como as relativas á formación do maxisterio.

Os límites cronolóxicos do *Repertorio* están precisamente fundamentados: iníciase en 1715, ano que se corresponde coa data da edición da primeira obra localizada fisicamente. O ano que se fixou como remate é 1970, momento que supón un punto de inflexión na historia educativa contemporánea de España e tamén de Galicia, por mor da configuración política e administrativa do Estado español naquel momento e asociado a tal situación, ou como contrapunto dela, por un fito na historia da cultura letrada e da acomodación territorial do sistema educativo, como foi a da publicación do primeiro proxecto de planificación educativa redactado pola Administración central, que tivo como referente territorial á comunidade galega, polo que resulta ser pioneira nesta materia. Á marxe dese feito de alcance rexional, en 1970 promulgouse a *Ley General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa* (tamén coñecida como Ley Villar Palasí, en razón do Ministro promotor da mesma) que substituíu definitivamente a decimonónica *Ley Moyano* –vixente desde 1857 e tamén desde entón sometida a numerosas modificacións– a cal implicou unha reorganización xeral do sistema educativo nacional.

O *Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia* está estruturado en dúas bases de datos: unha de *Libros e*

*Folletos ou Bibliográfica*, que inclúe tres corpus diferenciados: Obras pedagóxicas, Textos escolares y Outros textos; e outra de *Publicacións periódicas*, que se organiza tamén delimitando tres *corpus*: Prensa pedagóxica, Prensa estudantil y Prensa institucional.

Comentaremos brevemente os contidos de cada *corpus* documental. Comecemos pola base de datos de *Libros e Folletos*. Na sección denominada Obras pedagóxicas recóllense os libros e opúsculos do pensamento educativo, idearios pedagóxicos, propostas programáticas, política y de organización escolar, actas congresuais, etc. Na denominada *Textos escolares*, inclúense manuais utilizados nos parvularios; centros de ensinanza primaria, secundaria e profesional; nas Escolas Normais de formación do profesorado; nos Seminarios e institucións docentes eclesiásticas preparatorias do clero secular ou regular e obras didácticas de educación non formal. Quedan fóra do repertorio os manuais utilizados no ensino universitario. Finalmente, na sección que leva o título de *Outros textos* incorpóranse aqueles libros de temática educativa de difícil inclusión nos apartados anteriores, ben pola singularidade ou ben pola heteroxeneidade dos seus contidos.

En canto ás seccións que se inclúen na base de datos de *Publicacións periódicas*, a primeira responde á denominación *Prensa pedagóxica* e inclúe voceiros periódicos de carácter científico, teórico, técnico e corporativo-sindical dos profesionais da educación. A segunda, identificada como *Prensa estudantil*, reúne as publicacións periódicas elaboradas por e/ou para o alumnado dos diferentes niveis do sistema educativo, así como para a poboación infantil e xuvenil. Por último, a sección de

*Prensa institucional* agrupa os órganos periódicos que actúan como portavoces institucionais de agrupacións con fins educativos, tal é o caso das Sociedades de Instrución fundadas en América polos emigrantes galegos. No caso da prensa, a diferenza do que ocorre na base bibliográfica, incorpóranse as publicacións periódicas promovidas desde o nivel universitario.

Estas bases de datos ofrecen información sistematizada común que contén: título, idioma, lugar de publicación, editorial/imprenta, portada/ilustración de cabeceira, formato, número de páxinas, localización, observacións e fontes de referencia. Os campos específicos da *Base bibliográfica* inclúen: autor/es (apelidos e nome), pseudónimo, materias, tipoloxía, usuarios, nivel educativo, número de edición, ano de edición, número de volume, materiais adicionais. A base hemerográfica informa sobre: subtítulo, data de inicio, ano de inicio, data de remate, ano de remate, periodicidade, ano de referencia, prezo, tirada, dirección da redacción, director, subdirector, xefe de redacción, outros cargos, colaboradores, contidos, ilustracións, publicidade, números consultados.

Desta maneira queda condensada a diversidade e cantidade de formatos e os compoñentes do material que integra o *Repertorio*. Agora ben, todo repertorio, á vez que inclúe, clasifica y outorga certo ordenamento, tamén opera excluindo. Neste sentido, e de certa maneira limitando as fronteiras da obra, non se introduciron, como algunhas liñas máis arriba se aclaraba, as mencións identificadoras dos manuais utilizados na ensinanza universitaria, nin tampouco as memorias e anuarios de actividades desenvolvidas polas institucións educativas (aínda que si figuran aquelas producións de tipo memorialista

que polos seus contidos merecen ser catalogadas xenericamente como informes acerca do estado da educación nun ámbito territorial determinado durante un período concreto, ou recompilacións históricas da traxectoria de determinados centros docentes ao longo dun intervalo temporal medio ou dilatado que supere, en calquera caso, o habitual das memorias de actividades institucionais e que presenten un tratamento máis elaborado da información recollida).

Non obstante a mencionada exclusión, os propios realizadores do *Repertorio* recoñecen de maneira expresa que: "somos conscientes de que, posiblemente, quede aínda por recuperar un número considerable de obras producidas polos galegos na emigración, así como por completar varias series de publicacións periódicas. Ámbalas dúas son tarefas que haberá que acometer en futuras revisións actualizadoras do presente *Repertorio*" e que, polo tanto, coa continuidade do avance até agora realizado, ampliarán o intervalo cronolóxico aquí establecido, ademais de agregar os materiais que se vaian rexistrando como consecuencia de ulteriores buscas.

A modo de conclusión, podemos resumir que en soporte electrónico preséntase un amplo repertorio, nunca até o momento reunido con esta magnitude sobre a Historia educativa galega, das producións biblio-hemerográficas por medio das cales se vehiculizaron saberes científico-culturais, coñecementos escolares, proxectos educativos, loitas e reivindicacións profesionais e sobre todo a convicción da potencia transformadora da educación, como ferramenta para a transformación da sociedade.

Esta publicación dixital amósase como unha fonte imponderable para avanzar nunha Historia da Lectura en Galicia, xa que ofrece referencias dun inmenso e

pouco explorado caudal de publicacións educativas de diverso tipo sobre o que se sentan as bases do patrimonio pedagóxico e cultural desta Comunidade humana e cultural de fonda raizame histórica; isto es, das súas manifestacións impresas acumuladas durante case tres séculos.

O MUPEGA evidencia nesta obra o seu compromiso coa recuperación e valoración da traxectoria e a memoria educativa rexional, non só en tanto conservadores dun legado herdado, senón como institución que recrea e potencia as prácticas educativas e aposta firmemente a prol da educación como protagonista da transformación socio-cultural.

Mario Sebastián Román

Prof. Titular de Cátedra da  
Universidade Autónoma de Entre Ríos e  
docente da Universidade Nacional de  
Entre Ríos

República Argentina